



GUÍA PARA A XUSTIFICACIÓN E COBRO DA SUBVENCIÓN

1. PRAZO PARA SOLICITAR E XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN CONCEDIDA

O prazo para presentar a solicitude de aboamento e a documentación xustificativa será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución das axudas concedidas.

2. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- **Anexo IV:** Solicitude de abono da axuda concedida.
- **Anexo V:** Declaración doutras axudas.
- **Anexo VI:** Memoria 2015 de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.
- **Anexo VII:** Relación clasificada dos gastos e investimentos das actividades realizadas.
- No caso das SAD, certificacións acreditativas de non ter débedas coa Axencia Tributaria, a Seguridade Social e a Xunta de Galicia, só no caso de que se denegue a súa consulta.

3. SOBRE A RELACIÓN CLASIFICADA DOS GASTOS E INVESTIMENTOS (Anexo VII)

- Esta relación de gastos será, polo menos, por importe equivalente ao da subvención concedida. NON é necesario xustificar máis importe que o da subvención.
- NON é necesario presentar facturas; non obstante, a Secretaría Xeral para o Deporte comprobará, mediante a aplicación de técnicas de mostraxe, un número de expedientes significativo, coa finalidade de obter a evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención, para o cal poderá requirirle á entidade beneficiaria a remisión da totalidade dos documentos xustificativos
- Os gastos deben terse efectuado e pagado no período que vai dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2015.
- As facturas deben ser custodiadas pola entidade, xunto cunha copia de toda a documentación presentada para a xustificación, durante 4 anos.

4. GASTOS SUBVENCIÓNABLES

No caso dos clubs e SAD:

- Licenzas federativas aboadas.
- Seguros deportivos aboados e outros seguros contratados, relacionados coa actividade deportiva, que non fosen obxecto doutras axudas, subvencións ou achegas desta ou doutras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- Inscripcións en competicións oficiais aboadas e outros gastos propios do calendario que asumirá o club por normativa de competición.
- Gastos de arbitrxes.
- Gastos de adestradores/as.
- Gastos relacionados co transporte e medios de transporte utilizados para asistir a adestramentos e competicións.
- Gastos de manutención e aloxamento para asistir ao calendario de competicións.
- Material deportivo non inventariable (balóns, equipacións, etc.).
- Produtos básicos de farmacia/caixa de urxencias.
- Gastos de ambulancias no desenvolvemento de eventos deportivos.
- Alugamento de instalacións deportivas para o desenvolvemento de adestramentos ou competicións.
- Gastos derivados da contratación de persoal, incluíndo salario, cotas da Seguridade Social e as retencións do IRPF practicadas. En canto ás relacións de responsabilidade que deriven dese carácter contractual entre a entidade beneficiaria e o persoal contratado, serán de única e exclusiva responsabilidade da entidade beneficiaria.

No caso das agrupacións deportivas escolares:

- Gastos de organización (material de oficina, comunicacións, desprazamentos, persoal de apoio, arbitraje e calquera outro relacionado e directamente imputables á organización da actividade).
- Material deportivo non inventariable (balóns, equipacións, etc.).

5. ÓNDE PRESENTAR A DOCUMENTACIÓN

Hai dúas opcións:

- **Tramitación en liña:** será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia.
- **Presencial:** unha vez cubertos e impresos os anexos IV, V, VI e VII, presentaranse nos Servizos Provinciais da Secretaría Xeral para o Deporte:
 - **A Coruña:** Praza de Agustín Díaz, 1. 15008 A Coruña (Tfno.: 981 132443 - Fax: 981 132527).
 - **Lugo:** Ronda da Muralla, 70 - 1ª planta. 27071 Lugo (Tfno.: 982 294564 - Fax: 982 294565).
 - **Ourense:** Avda. de La Habana, 79 - 4ª planta. 32004 Ourense (Tfno.: 988 386 050 - Fax: 988 386051).
 - **Pontevedra:** Rúa Fernández Ladreda, 43 - 6ª planta. 36003 Pontevedra.
 - **Vigo** (Sección de Promoción Deportiva): Fotógrafo Luis Ksado, 17. 36209 Vigo (Tfno.: 886 218281 - Fax: 886 218288).